



CONCELLO DE MONFERO (A Coruña)

ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA URGENTE CELEBRADA POLO CONCELLO PLENO O CINCO DE DECEMBRO DE DOUS MIL VINTE E CINCO (17/2025)

No Salón de Sesiões da Casa do Concello de Monfero, ás once horas e trinta e catro minutos do día cinco de decembro de dous mil vinte e cinco, en primeira convocatoria, baixo a presidencia do Primeiro Tenente de Alcalde, D. Alberto Cortizas Rejo, en funcións de Alcalde por enfermidade D. Sr. Alcalde, D. Andrés Feal Varela, reúnen-se, os Sres. Concelleiros do PSOE: D. José Grueiro Torrado e D. Ramón Grueiro Martínez; a Sra. Concelleira e os Sres. Concelleiros do PP: D.^a María Belén Salido Maroño, D. José Tojeiro Mosquera, D. Ángel Filgueiras Grueiro e D. Ramón Blanco Filgueiras; e o Sr. Concelleiro do BNG: D. Manuel García Deive, para o efecto de celebrar a sesión extraordinaria urgente convocada para ese día ás once horas e trinta minutos. Como queda dito, non asiste o Sr. Alcalde-Presidente, D. Andrés Feal Varela.

Actúa como Secretario o que o é da Corporación: D. Baldomero Beceiro Alonso.

Os asuntos da **orde do día** son os seguintes:

1. Pronunciamento preceptivo sobre a urxencia da sesión
2. Execución da obra “Proxecto refundido de execución de rehabilitación integral de edificio municipal destinado a centro social (25 setembro 2025)” financiada con fondos do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia -Financiado Pola Unión Europea – Next Generation (Prtr)- Nº Expediente ITJ 2022/C187.- Adxudicación

1. PRONUNCIAMENTO PRECEPTIVO SOBRE A URXENCIA DA SESIÓN

O Sr. Alcalde en funcións expón que a urxencia da sesión é para axilizar o procedemento canto máis se poida.

Non se producen intervencións e o Sr. Alcalde en funcións anuncia que vai someter o asunto a votación. Vótase co resultado de que votan a favor todas as persoas membros da Corporación asistentes a sesión. Xa que logo, apreciada a urxencia da sesión por unanimidade, o Sr. Alcalde en funcións así o proclama continúa coa sesión.

2. EXECUCIÓN DA OBRA “PROXECTO REFUNDIDO DE EXECUCIÓN DE REHABILITACIÓN INTEGRAL DE EDIFICIO MUNICIPAL DESTINADO A CENTRO SOCIAL (25 SETEMBRO 2025)” FINANCIADA CON FONDOS DO PLAN DE RECUPERACIÓN, TRANSFORMACIÓN E RESILIENCIA -FINANCIADO POLA UNIÓN EUROPEA – NEXT GENERATION (PRTR)- Nº EXPEDIENTE ITJ 2022/C187.- ADXUDICACIÓN.

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



CONCELLO DE MONFERO (A Coruña)

O Sr. Alcalde en funcións expón que no anterior pleno aprobaron a proposta e que agora trátase de adxudicarlle o contrato á empresa, e procede á lectura da súa proposta de acordo sobre este tema que se transcribese textualmente a continuación e consta asinada dixitalmente no expediente electrónico da aplicación Tedec núm. 2025/C003/000002, que se entregou con anterioridade á celebración desta sesión á Sra. Voceira do Grupo Político Municipal do PP e ao Sr. Concelleiro do BNG, xunto co informe do técnico contratado para a prestación da asistencia técnica e urbanística ao Concello de que a empresa proposta como adxudicataria acreditou que dispón efectivamente dos medios persoais e materiais que se comprometeu a dedicar ou adscribir a execución do contrato contemplados no PCAP, Informe de risco de conflitos de interese emitido pola Axencia Tributaria, aplicación MINERVA, co resultado de que non se detectou a existencia de conflito de interese e que todas as parellas decisor-potencial beneficiario están na situación de bandeira verde, e informe de fiscalización limitada previa de requisitos básicos da Secretaría-Intervención municipal do día da data con observacións, que tamén constan no dito expediente electrónico:

“PROPOSTA DE ACORDO QUE FORMULA A ALCALDÍA

Logo de ver o expediente de contratación 2025/C003/000002, coas características que se sinalan:

Tipo de contrato:	Obras	
Denominación obra	PROYECTO REFUNDIDO DE EJECUCIÓN DE REHABILITACIÓN INTEGRAL DE EDIFICIO MUNICIPAL DESTINADO A CENTRO SOCIAL (25 septiembre 2025)	
Financiamento:	UNIÓN EUROPEA - NEXT GENERATION (PRTR) -Nº EXPEDIENTE ITJ 2022/C187.	
Procedemento de contratación :	Aberto	
Tipo de tramitación	urxente (Interese público: cumprir cos prazos estipulados na convocatoria da subvención que financia a inversión, polo axustado prazo de execución das obras)	
Empresa adxudicataria proposta:	SERGONSA SERVICIOS, S.L.	
Importe adxudicación	Importe: 392.043,00	Total: 474.372,03
Prazo execución	Ata 15-06-2026	

De conformidade co acordo do Pleno da Corporación do 21 novembro último, de aceptación da proposta de adxudicación da Mesa de contratación, foi requirida a empresa proposta como



CONCELLO DE MONFERO (A Coruña)

adxudicataria para que cumprira co establecido na cláusula 16 do Prego, e xa lle deu cumprimento. Constituíu a garantía definitiva, acreditou dispoñer efectivamente dos medios persoais e materiais que se comprometeu a dedicar ou adscribir á execución do contrato, segundo o informe do Arquitecto contratado para o efecto, D. Antonio López Rodríguez, presentou a inscrición do seu plan de igualdade, ratificou os compromisos da cláusula 12.1.2 do PCAP e presentou os modelos indicados no seu anexo VII.2.

Logo de ver que non se aprecian riscos en relación a posibles impactos negativos significativos no medio ambiente (formulario de valoración do DNSH, “do not significant harm”), que se compromete a respectar na execución das actuacións xunto cos principios da economía circular.

Tras comprobar que se incorporaron ao expediente as declaracións de ausencia conflito de intereses (DACI) das persoas que dalgunha maneira participan no procedemento de contratación (15), realizadas tamén cando rematou o prazo de presentación de ofertas e coñecida a listaxe de licitadores que concorrían ao procedemento, e comprobáronse as DACI cos datos de titularidade real que constan na aplicación MINERVA da Axencia Tributaria, para o que, previamente o Secretario do Concello rexistrouse na aplicación CoFFEE na que se xestiona o PRTR da Secretaría Xeral de Fondos Comunitarios, e obtivo o código da operación CRO que permitía así acceder a aplicación MINERVA, e consta no expediente electrónico Informe de risco de conflitos de interese emitido pola Axencia Tributaria, aplicación MINERVA, co resultado de que non se detectou a existencia de conflito de interese e que todas as parellas decisor-potencial beneficiario están na situación de bandeira verde.

Visto que consta no expediente que todo o persoal do Concello que participa no procedemento de xestión destes fondos NextGenerationEU asinou o código de conduta que figura como anexo III do plan PREMADECOR.

Visto o informe de fiscalización limitada previa de requisitos básicos con observacións da Secretaría-Intervención municipal, propóñolle ao Pleno da Corporación a adopción dos seguintes acordos:

- 1.- Declarar válidas e ratificar todas e cada unha das actuacións e dos acordos da Mesa e do órgano de contratación do Concello de Monfero que aparecen reflectidos no expediente de contratación tramitado e, en concreto e sen ánimo exhaustivo, os referentes á admisión e rexeitamento das ofertas presentadas, de clasificación, por orde decrecente (Anexo), atendendo unicamente ao prezo, das que non foron declaradas desproporcionadas ou anormais conforme ao sinalado no artigo 149 da LCSP, e a proposta respecto destas.
- 2.- Adxudicarlle o contrato da obra descrita á empresa SERGONSA SERVICIOS, S.L., de acordo co resto de características da súa oferta que constan no expediente, pola necesidade de dotar á zona das obras que se describen no devandito proxecto e considerar, en harmonía coa proposta da Mesa de contratación permanente do Concello de Monfero, coa mesma motivación, que a súa oferta é a máis vantaxosa que pode ser cumprida.



CONCELLO DE MONFERO (A Coruña)

3.- Aprobar o gasto correspondente, dispoñéndoo con cargo á aplicación orzamentaria 933.2560.63900.

4.- Nomear Director Técnico das Obras a D. Jesús Pena Noya, Arquitecto, colexiado núm. 3214 do COAG, que exercerá as facultades de responsable do contrato de conformidade co art. 62.2 da LCSP, condicionando este punto do acordo á adxudicación do contrato para a prestación deste servizo á empresa Gabindal XXI, S.L., que asignou a este técnico para a execución deste servizo en concreto, que está previsto que se aprobe na sesión da Xunta de Goberno Local convocada a continuación deste pleno.

5.- Nomear Coordinador de Seguridade e Saúde e Director de execución das obras a D. Jesús Manuel Hermida Veiga, Graduado en Arquitectura Técnica, colexiado núm. 2981 del Colexio de Arquitectos Técnicos de A Coruña, condicionando este punto do acordo á adxudicación do contrato para a prestación deste servizo á empresa Gabindal XXI, S.L., que asignou a este técnico para a execución deste servizo en concreto, que está previsto que se aprobe na sesión da Xunta de Goberno Local convocada a continuación deste pleno.

6.- Notificar este acordo ao adxudicatario e ao resto dos licitadores.

7.- Publicar esta adxudicación no perfil do contratante desta entidade, aloxado na plataforma de Contratos do Sector Público (PCSP)

8.- Requirir á adxudicataria para a formalización do contrato, dentro do prazo máximo de 8 hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que se reciba a notificación da presente adxudicación polo licitador.

9.- Unha vez formalizado o contrato, publicar tal feito no perfil do contratante do órgano de contratación (PCSP).

10.- Logo de asinar o contrato, o contratista deberá presentar o Plan de Seguridade e Saúde da obra, axustado ao Estudio Básico de Seguridade e Saúde do proxecto, para a súa aprobación pola Alcaldía, tras o informe do Coordinador de Seguridade e Saúde. Con anterioridade ao comezo das obras o contratista presentará na Consellería de Traballo e Benestar, a apertura do centro de traballo e comunicarao ao Concello, e, unha vez efectuado este trámite, procederá a comprobación do reformulo e comezo das obras.

11.- As obras someteranse a un control de calidade externo, que levará a cabo unha empresa especializada neste tipo de controis, que contratará o Concello, segundo o previsto na cláusula 29 do PCAP.

ANEXO

Orde	Empresa licitadora	Oferta

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



CONCELLO DE MONFERO (A Coruña)

1	NIF: B70372032 SERGONSA SERVICIOS, S.L.	392.043,00
2	NIF: B15797293 ARAPEDRA S.L.	411.570,25
NATURE INFRAESTRUCTURAS Y SERVICIOS, SL		Excluída por presunción de oferta anormalmente baixa non xustificada axeitadamente

O Alcalde en funcións, Alberto Cortizas Rejo”

Deseguido, o Sr. Alcalde en funcións explica a proposta en termos similares aos que constan nela e pregunta se hai algunha intervención, non se produce ningunha e anuncia que vai someter o asunto a votación. Vótase. O resultado é que votan a favor todas as persoas membros da Corporación asistentes á sesión. Xa que logo, proclama que a proposta da Alcaldía transcrita é aprobada por unanimidade polo Pleno da Corporación e, polo tanto, adoptados os acordos que contén.

O Sr. Alcalde en funcións, ao non haber máis asuntos que tratar, deu as grazas a todas as persoas asistentes e levantou a sesión, ás once horas e corenta e dous minutos do día ao principio indicado, e eu, como Secretario, certifícoo.

O Alcalde en funcións

O Secretario-Interventor